

MANUEL ORESTE R.L. , CRONISTA DA GALEGUIDADE EN BARCELONA

Foi no ano 1979 cando o amigo Manolo me fixo a primeira entrevista publicada na Voz de Galicia (10.06.1979) co título "A ESCOLA DE GAITAS TOXOS E XESTAS VAI GRABAR PRÓXIMAMENTE UN DISCO". A noticia non era para menos. Eran tempos de moita ilusión. Gravar un disco LP daquela non era calquera cousa. Na crónica que aínda conservo dá conta que o grupo o fundado por un servidor no Seminario de Lugo no 1969, e posteriormente nos trasladamos a Barcelona.

Fai referencia ás melodías que se incluíron, tales como a Muiñeira de Montefurado, o Vals do gaitero e outras. Informaba das nosas actuacións, especialmente nas que facíamos na sala de Baile de Font-trobrada en Montjuich no baile dos domingos. Dito sexa de paso, era a cita obrigada de tódolos emigrantes de lingua galega; onde tamén encontraron futuro matrimonial.

Manolo deu conta de forma próxima e amena de cada evento da galeguidade na provincia de Barcelona. Facía un gran esforzo na procura da novidade. Non había email nin scanner pra enviar fotografías ou noticias; polo que o esforzo e maior. Un dos eventos máis solemnes e destacables polo seu significado, do que deu conta Manuel foi o I FESTIVAL DE MÚSICA GALEGA-CONCURSO DE GAITAS.

O evento celebrárase o 27 de xuño de 1981 no Palacio de Congresos de Barcelona. Foran dezaoitto cuartetos de gaitas en dous autobuses: un partía de Pontevedra e outro da Coruña. Fixeron de xurado Ricardo Portela, Emilio Corral, José Seivane e un servidor. Gañara o primeiro premio "Eidos da Coruña". Entendo que foi o concurso de gaitas máis importante que se tén celebrado na historia de Galicia. Aparte actuara a Roda, o grupo de baile Sementeira e o Xestal. Fora fantástico. Quedaran sobre tres mil persoas sen poder acceder á sala que tiña 1500 localidades e arredor de 300 persoas de pé. Eran os primeiros festivais que se facían de música galega en Barcelona para unha emigración que sentía Galicia no corazón.

De cada detalle informou o noso cronista no Ideal Gallego, no Progreso e na Voz de Galicia.

Grazas ao noso cronista sin soldo, hoxe gozamos dunha memoria escrita que se manterá no tempo. Grazas á súa pluma fiel e veraz segue e seguirá viva a memoria de tanto e tanto que se facía en Barcelona. Iniciativas que organizaba un servidor co nome de Toxos e Xestas como os Concursos de Composición para Gaita Galega, algo que coído novo na historia da nosa gaita, serviron para futuras iniciativas levadas adiante posteriormente na Terra.

O seu papel foi decisivo na dignificación da cultura galega. O seu galego de cortello era cercano e cheo de realismo semántico, daba vida ás cousas que faciamos polo amor a Galicia. Por todo o que acabo de dicir non cabe outro sentimento que non sexa de agradecemento ao gran escritor e cronista que tanto ben fixo a cambio de nada.

Xosé Lois Foxo
19 de San Xoán 2015